| B1 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 220Kv>U> 123 Kv | Simple Circuito | 352,880 | 17,644 |
| B2 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 220 Kv>U> 123 Kv | Doble Circuito | 589,438 | 29,472 |
| B3 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 220 Kv>U> 123 Kv | Triple Circuito | 772,796 | 38,640 |
| B4 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV | Simple Circuito | 332,325 | 16,616 |
| B5 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV | Doble Circuito | 554,975 | 27,749 |
| B6 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV | Triple Circuito | 727,779 | 36,389 |
| B7 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV | Simple Circuito | 200,637 | 10,032 |
| B8 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV | Doble Circuito | 335,058 | 16,753 |
| B9 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV | Triple Circuito | 565,781 | 28,289 |

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

| GRUPO II. LÍNEAS SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|
| TIPO | INSTALACION | CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS) | BASE IMPONIBLE (Euros/ml) [H=GxC] | TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100] |
| C1 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV | Simple Circuito | 181,530 | 9,076 |
| C2 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV | Doble Circuito | 303,149 | 15,157 |
| C3 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV | Triple Circuito | 511,898 | 25,595 |
| C4 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV | Simple Circuito | 67,980 | 3,399 |
| C5 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV | Doble Circuito | 113,522 | 5,676 |
| C6 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV | Triple Circuito | 148,867 | 7,443 |
| D1 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV | Simple Circuito | 59,114 | 2,956 |
| D2 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV | Doble Circuito | 98,716 | 4,936 |
| D3 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV | Triple Circuito | 129,451 | 6,473 |
| D4 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV | Simple Circuito | 53,204 | 2,660 |
| D5 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV | Doble Circuito | 88,845 | 4,442 |
| D6 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV | Triple Circuito | 116,507 | 5,825 |
| D7 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV | Simple Circuito | 47,293 | 2,365 |
| D8 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV | Doble Circuito | 78,974 | 3,949 |
| D9 | Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV | Triple Circuito | 103,562 | 5,178 |

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

| GRUPO II. GAS E HIDROCARBUROS | | | |
|---|---|---|---|
| **TIPO** | **INSTALACIÓN** | **BASE IMPONIBLE (Euros/unidad de medida) [H=GxC]** | TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100] |
| A | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro D≤ 4 pulgadas | 24,720 euros/mL | 1,236 euros/ml |
| B | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 4<D≤8 pulgadas | 74,101 euros/mL | 3,705 euros/ml |
| C | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 8<D≤12 pulgadas | 123,421 euros/mL | 6,171 euros/ml |
| D | Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 12<D≤16 pulgadas | 172,781 euros/mL | 8,639 euros/ml |
| **E** | **Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 16<D≤20 pulgadas** | **222,101 euros/mL** | 11,105 euros/ml |
| **F** | **Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 20<D≤25 pulgadas** | **271,461 euros/mL** | 13,573 euros/ml |
| **G** | **Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 25<D≤30 pulgadas** | **320,781 euros/mL** | 16,039 euros/ml |
| **H** | **Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 30<D pulgadas** | **370,101 euros/mL** | 18,505 euros/ml |
| **I** | **Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de hasta 10 m3.** | **3177,015 euros/ud** | 158,851 euros/ud |
| **J** | **Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de 10 m3 o superior.** | **15885,073 euros/ud** | 794,254 euros/ud |

“
–

RECURSOS: Contra o presente acordo pódese interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co previsto no art. 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

Baleira, 12 de decembro de 2022.- O Alcalde,Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 3725

## O CORGO

*Anuncio*

Faise pública a Resolución da Alcaldía do 14 de decembro de 2022, que literalmente di:

*“DECRETO /22. O CORGO, 14 DE DECEMBRO DE 2022*

*O alcalde, por Resolución de 5 de novembro de 2021, acordou aprobar a oferta de emprego público para 2021.*

*Dentro desta oferta atópanse as seguintes prazas ocupadas temporalmente os tres anos anteriores ao 31/12/2020. A correspondente oferta é para a estabilización de emprego temporal ao abeiro do establecido no Real Decreto 14/2021, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade conforme ao que establece o apartado C) da citada oferta de emprego público:*

***C. TAXA ADICIONAL PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO ART. 2 DO REAL DECRETO 14/2021, DE 6 DE XULLO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE****(prazas ocupadas de xeito temporal e ininterrompidamente alomenos nos 3 anos anteriores ao 31 de decembro de 2020)*

***PERSOAL LABORAL FIXO:***

| *Nº DE PRAZAS* | *DENOMINACIÓN* | *GRUPO DE COTIZACIÓN* | *XORNADA* | *DENOMINACIÓN DO POSTO* |
|---|---|---|---|---|
| *1* | *Auxiliar de axuda no fogar* | *10* | *Xornada Completa* | *Auxiliar de axuda no fogar Itinerario 1*<br>*(Ocupada temporalmente nos 3 anos anteriores a 31/12/2020)* |
| *1* | *Auxiliar de axuda no fogar* | *10* | *Xornada Completa* | *Auxiliar de axuda no fogar Itinerario 2*<br>*(Ocupada temporalmente nos 3 anos anteriores a 31/12/2020)* |
| *1* | *Auxiliar de axuda no fogar* | *10* | *Xornada Completa* | *Auxiliar de axuda no fogar Itinerario 8*<br>*(Ocupada temporalmente nos 3 anos anteriores a 31/12/2020)* |
| *1* | *Auxiliar de axuda no fogar* | *10* | *Xornada Completa* | *Auxiliar de axuda no fogar - Itinerario 10*<br>*(Ocupada temporalmente nos 3 anos anteriores a 31/12/2020)* |
| *1* | *Auxiliar de axuda no fogar* | *10* | *Xornada Completa* | *Auxiliar de axuda no fogar - Itinerario 13*<br>*(Ocupada temporalmente nos 3 anos anteriores a 31/12/2020)* |
| *1* | *Auxiliar de axuda no fogar* | *10* | *Xornada Completa* | *Auxiliar de axuda no fogar Libranzas 1*<br>*(Ocupada temporalmente nos 3 anos anteriores a 31/12/2020)* |
| *1* | *Auxiliar de axuda no fogar* | *10* | *Xornada Completa* | *Auxiliar de axuda no fogar Libranzas 2*<br>*(Ocupada temporalmente nos 3 anos anteriores a 31/12/2020)* |

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

*Por Resolución da Alcaldía do 18 de xullo de 2022 aprobáronse as bases para cubrir, mediante concurso-oposición, esas sete prazas de auxiliar de axuda no fogar de persoal laboral fixo deste concello.*

*Rematadas as probas selectivas, e de conformidade coas bases, o tribunal fixo púbica a relación definitiva das puntuacións finais obtidas polos aspirantes que superaron a fase de oposición, pola orde de puntuación obtida e propuxo a contratación como persoal laboral indefinido aos seis candidatos aprobados con maior puntuación, elevando a relación que se incorpora deseguido ao Alcalde.*

| NOME | DNI | NOTA 1º EXERCICIO | NOTA DO 2º EXERCICIO | FASE DE CONCURSO | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| REIJA SÁNCHEZ, NOELIA | **8305*** | 9,9 | 9,25 | 6,9 | 26,05 |
| CASTRO PORTOMEÑE, AIDA | **3154*** | 9,3 | 8,5 | 8 | 25,8 |
| VILLARES MARBÁN, ALBA | **5477*** | 8,3 | 7,5 | 6,7 | 22,5 |
| SUÁREZ CABANAS, ROSA Mª | **3329*** | 8,1 | 5 | 8 | 21,10 |
| GARCÍA MÉNDEZ, ELSA | **5749*** | 9 | 5 | 6,99 | 20,99 |
| GONZÁLEZ PARAJUÁ, PATRICIA | **5421*** | 7,6 | 9,25 | 4 | 20,85 |
| PAZ FERNÁNDEZ, Mª TERESA | **3329*** | 5,7 | 6,75 | 8 | 20,45 |

*A relación de aprobados publicouse no BOP de Lugo, páxina web do concello, taboleiro de anuncios do concello e taboleiro de anuncios da sede electrónica.*

*Os candidatos propostos, de conformidade coa base décima, achegaron a documentación relacionada na citada base no prazo establecido.*

*A base undécima establece que unha vez presentada a documentación polos interesados, o Alcalde ditará resolución acordando a formalización do contrato laboral indefinido a favor dos candidatos propostos. A citada Resolución publicarase no BOP e o contrato formalizarase no prazo máximo de un mes a partir do seguinte ao da publicación.*

*En consecuencia, pola presente RESOLVO:*

*1. Formalizar contrato laboral indefinido no prazo máximo de un mes, a contar dende o día seguinte á publicación desta Resolución no BOP de Lugo, coas seguintes sete candidatas, que ocuparán os postos que se relacionan:*

*- Dª Noelia Reija Sánchez, con DNI ...8305.., que ocupará o posto de traballo de auxiliar axuda no fogar Itinerario 10 da RPT.*

*- Dª Aida Castro Portomeñe, con DNI ...3154.., que ocupará o posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar Itinerario nº 8 na RPT.*

*- Dª Alba Villares Marbán, con DNI ...5477.., que ocupará o posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar Itinerario nº 2 na RPT.*

*- Dª Rosa Mª Suárez Cabanas, con DNI ...3329.., que ocupará o posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar Itinerario nº 1 na RPT.*

*- Dª Elsa García Méndez, con DNI ...5749.. , que ocupará o posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar Itinerario 13 na RPT.*

*- Dª Patricia González Parajuá, con DNI ...5421.., que ocupará o posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar Itinerario Libranzas 1 na RPT.*

*- Dª Mª Teresa Paz Fernández, con DNI ...3329.., que ocupará o posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar Itinerario Libranzas 2 na RPT.*

*2. Ordear a presente Resolución do BOP de Lugo.*

*O ALCALDE, Felipe Labrada Reija. Ante min,O SECRETARIO,Marco A. García-Gabilán Sangil"*

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

O que se fai público aos efectos de da formalización do contrato laboral indefinido no prazo máximo de un mes, a contar dende o día seguinte á publicación desta Resolución no BOP de Lugo.

O Corgo, 14 de decembro de 2022.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 3726

## GUITIRIZ

### *Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía os Padróns fiscais do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de outubro de 2022 e servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de setembro e outubro de 2022, que comprende os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de outubro de 2022, integrado por 13 recibos por importe total de 3.600,65 €.

2.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrencia e dependencia correspondentes aos meses de setembro e outubro de 2022, polos seguintes importes:

- Modalidade libre concorrencia: 3.584,37 €
- Modalidade dependencia: 10.657,25 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzcan reclamacións contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de outubro de 2022 e servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de setembro e outubro de 2022, terá lugar dende o día 5/12/2022 ao 5/02/2022(ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 7 de decembro de 2022.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3727

### *Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA BASE Nº 38 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2022. Expte. 1000/2021**

Publicado o anuncio de exposición pública da aprobación inicial de modificación da base nº 38 das bases de execución do orzamento xeral do Concello para o ano 2022 no BOP de Lugo de 18/11/2022, sen que se presentase reclamación algunha contra a mesma, enténdese elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Guitiriz, 14 de decembro de 2022.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3728

### *Anuncio*

**EXPEDIENTE Nº 948/2022**

**Aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito 4-2022. Suplemento de crédito.**

Rematado o prazo de exposición pública do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o 10 de novembro de 2022 no que se aprobou inicialmente o expediente de anulación parcial do crédito extraordinario 1-2022 e suplemento de crédito 4-2022 por un importe total de 40.000,00 € sen que se presentase reclamación algunha contra o mesmo, enténdese elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

177.2 en relación co 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.

En consecuencia e segundo dispón o artigo 169.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público o resumo por capítulos dos estados de gastos e ingresos trala aprobación definitiva de dito expediente:

| Capítulo | GASTOS | | | INGRESOS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Consignación Inicial | Modificacións | Consignación Definitiva | Previsión Inicial | Modificacións | Consignación Definitiva |
| 1 | 2.501.494,42 | 83.292,66 | 2.584.787,08 | 1.211.972,17 | 0,00 | 1.211.972,17 |
| 2 | 1.344.750,00 | 612.967,36 | 1.957.717,36 | 45.000,00 | 60.209,81 | 105.209,81 |
| 3 | 4.000,00 | 0,00 | 4.000,00 | 552.700,00 | 10.071,21 | 562.771,21 |
| 4 | 77.700,00 | 10.474,99 | 88.174,99 | 2.198.272,25 | 329.568,40 | 2.527.840,65 |
| 5 | 20.000,00 | -20.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 6 | 60.000,00 | 2.331.474,62 | 2.391.474,62 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 7 | 0,00 | 45.200,00 | 45.200,00 | 0,00 | 737.080,83 | 737.080,83 |
| 8 | 12.500,00 | 0,00 | 12.500,00 | 12.500,00 | 1.926.479,38 | 1.938.979,38 |
| 9 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| TOTAL | **4.020.444,42** | **3.063.409,63** | **7.083.854,05** | **4.020.444,42** | **2.984.442,34** | **7.083.854,05** |

Guitiriz, 14 de decembro de 2022.- A Alcaldesa,Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3729

---

## LUGO

*Anuncio*

**DECRETO Nº: 11550/2022 do 29/11/2022**

**Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día tres de marzo de dous mil vinte e un, adoptou, entre outros, o acordo 4/109 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A UNHA PRAZA DE OFICIAL LECTOR/A CONTADOR, PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2017)

- Polo Decreto 2115/2021 do 16/03/2021 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial Lector/a Contador/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2017)

O antedito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo" número 077, do 7 de abril de 2021, e extracto do mesmo no "Diario Oficial de Galicia" núm. 98, de 27 de maio de 2021. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" num. 150 do 24 de xuño de 2021.

Unha vez rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador en sesión celebrada o 15.11.2022, ACORDA:

Publicar a seguinte relación de aprobados no proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de oficial lector contador funcionario/a de carreira do Concello de Lugo en quenda libre (OEP 2017), para elevar ao órgano competente para os efectos da súa publicación no BOP de Lugo e posterior nomeamento é a seguinte:

1ª.- Carmen Ozores Vigide (15.58 puntos)

De conformidade coas Instruccións para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Concello de Lugo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9/10/2019, os aspirantes disporán dun prazo

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

de 5 días hábiles para presentar alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, que serán resoltas polo Tribunal.

Contra as resolucións e actos de trámite do tribunal, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de interposición será dun mes.

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE**:

**PRIMEIRO**.- Facer pública a relación da aspirante aprobada no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo novena das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de persoal de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018

**OFICIAL LECTOR CONTADOR**

Carmen Ozores Vigide.

**SEGUNDO.**- A opositora aprobadas, de conformidade coa base vixésima das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

a) Declaración xurada de non estar separada do servizo das administracións públicas e non estar incursa en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

b) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.

c) Dúas fotografías tamaño carné.

d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

**TERCEIRO** - Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 29 de novembro de 2022.

R. 3730

## MEIRA

*Anuncio*

**APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO ANO 2023**

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria celebrada polo Pleno deste Concello o día19 de decembro de 2022, o orzamento xeral, bases de execución, e cadro de persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

económico 2023, conforme o previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación integrante do mesmo por prazo de quince (15) días desde a publicación deste anuncio, para os que teñan a condición de interesados poidan presentar reclamacións ou alegacións.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co disposto na Lei das facendas locais, o orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presentan reclamacións.

Meira, 19 de decembro de 2023.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 3792

---

## MONDOÑEDO

*Anuncio*

**EXPOSICION O PUBLICO E RECADACION DE IMPOSTOS**

En Xunta de Goberno Local de 14 de decembro de 2022 aprobouse o Padrón **da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 6º BIMESTRE DO 2022.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de xaneiro ao 28 de febreiro do 2023, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 14 de decembro de 2022.- O Alcalde,Manuel A. Otero Legide.

R. 3731

---

## MURAS

*Anuncio*

Por resolución da Alcaldía 2022-0706, foi aprobado o PADRÓN SAF- SETEMBRO 2022, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai publico para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 9 de novembro de 2022.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3732

---

*Anuncio*

Por resolución da Alcaldía 2022- 293,foi aprobado o PADRÓN SAF- OUTUBRO 2022, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai publico para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 29 de novembro de 2022.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3733

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO 2023**

O Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o 17.11.2022 aprobou inicialmente o orzamento, bases de execución, cadro de persoal e anexos do exercicio 2023. Conforme ao artigo 169 do TRLRFL someteuse a información pública por un período de 15 días hábiles. Ao non presentarse reclamacións durante este período, enténdense definitivamente aprobados. En cumprimento do que dispón o punto 3 do devandito artigo, faise público que dito orzamento ascende en gastos e ingresos a 1.282.287,90 € (Un millón douscentos oitenta e dous mil douscentos oitenta e sete euros con noventa céntimos).

Correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

**ESTADO DE GASTOS:**

| CAPÍTULO | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
|---|---|---|
| 1 | Gastos de persoal | 707.796,61 |
| 2 | Gastos en bens correntes e servizos | 301.524,42 |
| 3 | Gastos financeiros | 750,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 10.100,00 |
| | | |
| | TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES | 1.020.121,03 |
| | | |
| 6 | Inversións reais | 262.116,87 |
| 7 | Transferencias de capital | 0,00 |
| 8 | Activos financeiros | 0,00 |
| 9 | Pasivos Financeiros | 0,00 |
| | | |
| | TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL | 262.116,87 |
| | | |
| | **TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS** | **1.282.287,90** |

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

**ESTADO DE INGRESOS:**

| CAPÍTULO | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
|---|---|---|
| 1 | Impostos directos | 166.796,46 |
| 2 | Impostos indirectos | 0,00 |
| 3 | Taxas e outros ingresos | 103.682,72 |
| 4 | Transferencias correntes | 778.511,59 |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 6.396,40 |
| | **TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES** | **1.055.387,17** |
| | | |
| 6 | Enaxenación de inversións reais | 0,00 |
| 7 | Transferencias de capital | 226.900,73 |
| 8 | Activos financeiros | 0,00 |
| 9 | Pasivos financeiros | 0,00 |
| | TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL | 226.900,73 |
| | **TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS** | **1.282.287,90** |

De acordo co que se establece no artigo 127 do RD 791/1986, do 18 de abril, reprodúcese a continuación o cadro de persoal para o exercicio 2023

1.- CADRO DE PERSOAL.

1.1.- FUNCIONARIO DE CARREIRA

| DENOMINACIÓN | Nº. POSTO | GRUPO | NIVEL | XORNADA | SITUACION |
|---|---|---|---|---|---|
| AGRUPACION SECRETARIA-INTERVENCION | 1 | A1/A2 | 26 | 25% | NOMEAMENTO DEFINITIVO |
| ARQUITECTA | 1 | A1 | 20 | 23,33% | COBERTURA INTERINA |
| ADMINISTRATIVO CONTABLE | 1 | C1 | 19 | COMPLETA | COBERTURA INTERINA |
| TÉCNICO DE SERVIZOS MUNICIPAIS | 1 | C1 | 19 | COMPLETA | COBERTURA INTERINA |

**1.2- PERSOAL LABORAL FIJO.**

| Nº | PRAZA | GRUPO CLASIFICACIÓN | SISTEMA SELECTIVO | XORNADA |
|---|---|---|---|---|
| 1 | AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL | 2 | CONCURSO | COMPLETA |
| 1 | TRABALLADOR/A SOCIAL | 2 | CONCURSO | COMPLETA |
| 1 | CAPATAZ | 8 | CONCURSO | COMPLETA |

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 3 | OFICIAL 1º ALBANEL | 8 | CONCURSO | COMPLETA |
| 1 | OFICIAL 2º ALBANEL | 8 | CONCURSO | COMPLETA |
| 1 | LIMPADOR/A DE EDIFICIOS PÚBLICOS | 10 | CONCURSO | COMPLETA |
| 1 | AUXILIAR AXUDA NO FOGAR | 10 | CONCURSO | PARCIAL (27,5 H/SEM) |
| 9 | AUXILIARES AXUDA NO FOGAR | 10 | CONCURSO OPOSICIÓN | COMPLETA |

1.3.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL: Para o exercicio 2023, mera estimación de contratos a formalizar en función das subvencións ou convenios que se concreten con outras administracións públicas, así coma das necesidades puntuais de persoal.

| DENOMINACIÓN | Nº POSTOS | CARACTERÍSTICAS | DURACIÓN |
|---|---|---|---|
| TÉCNICO DE ORIENTACIÓN LABORAL | 1 | XORNADA COMPLETA | 10 MESES |
| OFICIAL 1ª CONDUCTOR (D.E. 2022) | 1 | XORNADA COMPLETA | 5 MESES |
| MONITORES OBRADOIRO ANCARES V | 2 | XORNADA COMPLETA | 9 MESES |
| DIRECTOR OBRADOIRO ANCARES V | 1 | XORNADA COMPLETA | 9 MESES |
| ADMINISTRADOR OBRADOIRO ANCARES V | 1 | XORNADA PARCIAL | 9 MESES |
| ALUMNOS TRABALLADORES OBRADOIRO ANCARES V | 20 | XORNADA COMPLETA | 9 MESES |
| MESTRE OBRADOIRO ANCARES V | 1 | XORNADA PARCIAL | 6 MESES |
| PEÓN (APROL 2022-2023) | 1 | XORNADA COMPLETA | 2 MESES |
| OF. 1ª CONDUTOR INCENDIOS | 3 | XORNADA COMPLETA | 3 MESES |
| PEÓNS BRIGADAS INCENDIOS | 4 | XORNADA COMPLETA | 3 MESES |
| XEFE DE BRIGADA DE INCENDIOS | 1 | XORNADA COMPLETA | 3 MESES |
| AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR | 2 | XORNADA COMPLETA | 12 MESES |
| SOCORRISTA | 1 | XORNADA PARCIAL(35H/SEM) | 2 MESES |
| PEON (APROL RURAL 2023-2024) | 1 | XORNADA COMPLETA | 9 MESES |
| 4 PEÓNS (D.E. 2022) | 4 | XORNADA COMPLETA | 6 MESES |
| OFICIAL 2º CONDUCTOR( D.E. 2022) | 1 | XORNADA COMPLETA | 6 MESES |
| OFICIAL 2º CARPINTEIRO (D.E. 2022) | 1 | XORNADA COMPLETA | 6 MESES |
| PEÓNS | 3 | XORNADA COMPLETA | 6 MESES |

**Total número persoal temporal do Concello: 71.**

E así mesmo publícanse as bases de execución para o exercicio 2023

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

**BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2.023**

De acordo co disposto no artigo 165.1 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o art. 9.1 do RD 500/90 do 20 de abril, formúlanse as bases de execución do orzamento xeral para o exercicio de 2.023 que a continuación se expresan.

**Base 1ª.- PRINCIPIOS XERAIS E NORMATIVA DE APLICACION.-**

A aprobación, execución e liquidación do orzamento, así como o desenvolvemento da xestión económica e a fiscalización da mesma, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral vixentes para as Entidades Locais, e polas Bases de Execución do Orzamento, redactadas de acordo co disposto no artigo 165.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas Locais.

As presentes Bases de Execución do Orzamento do 2.023 terán a mesma vixencia que a do Orzamento aprobado para este exercicio. Por iso, no caso de prórroga do Orzamento, estas bases rexerán, así mesmo, durante dito período.

**Base 2ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.-**

As presentes bases aplicaranse á execución e desenvolvemento do Orzamento Municipal, por non existir Organismos Autónomos e demais entes dependentes da Entidade Local.

**Base 3ª.- ESTRUTURA ORZAMENTARIA.-**

A estrutura do Orzamento Municipal axústase á Orde do Ministerio de Economía e Facenda 3565/2008 de data 3 de decembro de 2008 pola que se aproba a nova estrutura dos presupostos das Entidades Locais, clasificándose os créditos consignados no Estado de Gastos do orzamento co seguinte detalle:

- Clasificación por Programas, cun nivel de desagregación de Programa (tres díxitos) en función da información a subministrar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- Clasificación Económica, cun nivel de desagregación de Subconcepto (cinco díxitos) en función da información a subministrar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- Non existe clasificación orgánica.

En consecuencia, a aplicación orzamentaria ven definida pola conxunción das clasificacións por programas e económica.

O rexistro contable dos créditos, das súas modificacións, e das operacións de execución do gasto, realizarase sobre a aplicación orzamentaria antes definida.

Nos casos en que, existiendo dotación orzamentaria nun nivel de vinculación, se pretenda imputar gastos a subconceptos que non figuren no Estado de Gastos do orzamento e pertenezcan ó mesmo nivel de vinculación, non será preciso incoar un expediente de modificación de créditos, podendo darse de alta a correspondiente aplicación orzamentaria.

As previsións incluídas no Estado de Ingresos clasificarase por capítulos, artigos e conceptos, en función da información a subministrar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

**Base 4ª.- VINCULACIÓN XURÍDICA.-**

A vinculación xurídica, en consonancia co establecido no artigo 10 da Orde EHA /3565/2008 de 3 de decembro será a nivel:

- Respecto da clasificación por programas, a nivel área de gasto.
- Respecto da Clasificación Económica, o Capítulo.

**Base 5ª.- CRÉDITOS ORZAMENTARIOS.-**

O Orzamento municipal do Concello, tanto no seu Estado de gastos como de Ingresos, ascende á cantidade de UN MILLÓN DOUSCENTOS OITENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (1.282.287,90 €) atopándose por tanto o orzamento equilibrado.

**Base 6ª.- PRÓRROGA DO ORZAMENTO XERAL.-**

Se ao inicio do exercicio 2.023 non tivese entrado en vigor o Orzamento Xeral correspondente ao citado exercicio, considerarase automaticamente prorrogado o do 2.022 ata o límite dos seus créditos iniciais cos axustes que recolle a lexislación orzamentaria aplicable.

**Base 7ª.- MODIFICACIÓNS DE CRÉDITOS.-**

Segundo o artigo 34 do R.D. 500/1990, de 20 de Abril, poderán realizarse as seguintes modificacións orzamentarias:

- Créditos Extraordinarios.

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

- Suplementos de Crédito.
- Ampliacións de crédito
- Transferencias de Crédito
- Xeracións de crédito.
- Incorporacións de Remanentes de Crédito.
- Baixas por anulación.

**Base 8ª.-CRÉDITO EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.-**

1.- Cando deba realizar algún gasto de carácter inaprazable ata o exercicio seguinte, para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexa insuficiente, e non ampliable, a dotación prevista no mesmo, poderá acordarse, previa incoación do preceptivo expediente, unha concesión de crédito extraordinario, no primeiro dos casos e un suplemento de crédito no segundo dos supostos, ou de ambas cousas á vez, debendo atenderse ao seu financiamento, indistintamente, cos seguintes recursos:

- Con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente.
- Con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente.
- Mediante anulacións ou minoracións (baixas) do crédito que se precise doutras partidas orzamentarias vixente, non comprometido, onde as dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

2.- A iniciativa do Presidente da Corporación tramitaranse os referidos expedientes segundo os seguintes requisitos:

Informe da Intervención Municipal; aprobación inicial polo Pleno do Concello e demais trámites que, para os orzamentos, sinala o artigo 169 do real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Base 9ª.-CRÉDITOS AMPLIABLES.-**

Non se prevé ningún crédito como ampliable.

**Base 10ª.- TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO.-**

Poderán ser transferidos créditos dunhas partidas de gastos a outras cando se considere necesario, debendo suxeitarse para iso aos seguintes condicionamentos:

a. Cando se trate de aumentos ou baixas de créditos relativos a Persoal, aínda pertencendo a distintos grupos, será órgano competente para iso a ALCALDÍA. Requirirase informe da Intervención Municipal.
b. En caso de transferencias dentro da mesma Área de Gasto será competente tamén o Sr. Alcalde da Corporación.
c. En caso de transferencias entre diferentes áreas de gasto, salvo cando afecten a gastos de persoal, a competencia corresponderá ó Pleno da Corporación, debendo observarse os mesmos requisitos sinalados no número 2 da Base 8ª.

As transferencias de Crédito poderán supoñe-la apertura de novas aplicacións orzamentarias.

**Base 11ª.- XERACIÓNS DE CRÉDITO.-**

1.- Poderá xerarse crédito, no Estado de Gastos, con ingresos de natureza non tributaria que se deriven das seguintes operacións:

a) Aportacións, ou compromisos firmes das mesmas, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xunto co Concello, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos dos mesmos.
b) Alleamento de bens da Entidade Local.
c) Prestación de Servizos.
d) Reembolso de préstamos.
e) Importes procedentes de reintegro de pagos indebidos con cargo ó Orzamento corrente, en canto a reposición do crédito na correspondente contía.

2.- Para que resulte procedente a xeración dos mencionados créditos requirirase: nos casos a que se refiren os apartados a) e b), o recoñecemento do dereito ou a existencia formal do compromiso firme de aportación; nos supostos dos apartados c) e d), ademais do recoñecemento do dereito, a dispoñibilidade de ditos créditos condicionada a súa efectiva recadación: e no que se refire o apartado e), a xeración do crédito estará subordinada á materialización do cobro do reintegro.

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

3.- Para tódolos casos referidos anteriormente, será indispensable a instrución do preceptivo expediente, sendo órgano competente para a súa resolución a ALCALDÍA – PRESIDENCIA, debendo axustarse á seguinte tramitación:

- Informe da Intervención Municipal.
- Decreto de Alcaldía.

**Base 12ª.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO.-**

1.- Os remanentes de crédito poderán ser incorporados aos seus correlativos dos Estados de gastos do exercicio seguinte, sempre e cando existan para iso suficientes recursos financeiros, cando, non sendo utilizado, procedan de crédito extraordinarios e suplementos ou transferencias que foran concedidas ou autorizadas, respectivamente, no derradeiro trimestre do exercicio e para os mesmos gastos que motivaron a súa concesión ou autorización; os que amparen compromisos de gastos adquiridos en exercicios anteriores; os derivados de operacións de capital; os autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados; e os que amparen proxectos financiados con ingresos afectados.

2.- Non poderán incorporarse aqueles remanentes declarados non dispoñibles, nin os xa incorporados no exercicio precedente, salvo os que amparen proxectos financiados con ingresos afectados, que serán obrigatoriamente sen limitación do número de exercicios, excepto que se desista de iniciar ou continuar a súa execución ou sexa imposible a súa realización.

3.- Para efectuar as incorporacións que se detallan no número 1 desta Base, será indispensable a instrución do preceptivo expediente, sendo órgano competente para a súa resolución a ALCALDÍA- PRESIDENCIA, debendo axustarse á seguinte tramitación:

- Informe da Intervención Municipal.
- Aprobación por Decreto de Alcaldía.

**Base 13ª.- BAIXAS POR ANULACIÓN.-**

A competencia para aproba-las baixas por anulacións de créditos corresponde ó Pleno da Corporación.

O Presidente, previo informe da Intervención, ordenará a incoación do oportuno expediente cando estime que o saldo dun crédito é reducible ou anulable sen perturbación do servizo.

**Base 14ª.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO E BAIXAS XUSTIFICADAS DE DEREITOS E OBRIGAS NA AGRUPACIÓN DE ORZAMENTOS PECHADOS.-**

Cando se poña de manifesto a necesidade de tramitar expedientes para a anulación ou baixa de dereitos e obrigas recoñecidas e liquidadas pertencentes á agrupación de orzamentos pechados, aplicarase o seguinte procedemento:

- Proposta Motivada.
- Informe de Intervención
- Aprobación inicial polo Pleno.
- Exposición ó Público polo prazo de quince días hábiles, a través de editos no Boletín Oficial da Provincia.
- Aprobación definitiva polo Pleno.

**Base 15ª.- OPERACIÓNS DE CRÉDITO.-**

As operacións de Crédito que se queiran realizar deberán ser autorizadas polo órgano competente da Corporación, previa instrución do preceptivo expediente que deberá ser informado pola Intervención municipal.

En calquera caso as operacións de crédito rexeranse polo contemplado no real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei Reguladora das Bases de réxime Local.

**Base 16ª.- AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN OU COMPROMISO DO GASTO.-**

Dentro do importe dos créditos previstos no Orzamento Municipal, a autorización e disposición ou compromiso do gasto corresponderán, segundo os casos, ao Sr. Alcalde – presidente, ao Pleno do Concello ou á Xunta de Goberno Local, segundo a lexislación vixente e delegacións efectuadas.

**Base 17ª.- RECOÑECEMENTO E LIQUIDACIÓN DAS OBRIGAS E ORDENACIÓN DO PAGO.-**

a. Corresponde ó Sr. Alcalde – Presidente o recoñecemento e a liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos, así como a ordenación do pago, pudendo efectua-las delegacións que estime pertinente na Xunta de Goberno Local. Os pagos serán os que correspondan das obrigas previamente recoñecidas, tendo prioridade os relativos a persoal e os referidos a obrigas procedentes de exercicios anteriores, acomodándose ao plan de distribución de fondos que ó efecto se estableza pola Presidencia.
b. Corresponde ó Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

orzamentaria, operacións especiais de crédito ou concesións de quita e espera.

**Base 18ª.-** **XUSTIFICACIÓN DO GASTO.-**

Para que poidan expedirse ordes de pago, haberá de acreditarse fehacientemente a realización da obra, servizo, subministro ou calquera outro dereito que corresponda ó acredor. Os correspondentes documentos xustificativos deberán ser previamente aprobados polo órgano competente, e con referencia ás facturas, terán que levar dilixencia subscrita polo ou encargado do mesmo, que acredite a recepción e conformidade dos subministros ou materias que as mesmas comprendan.

**Base 19ª.-** **XUSTIFICACIÓN DO PAGO.-**

1.- Para a realización do pago será necesario que o documento acreditativo do gasto (factura, certificación de obra, etc.) conteña tódolos requisitos legais, debendo acollerse, previa identificación, tanto en dito documento como na correspondente orde de pago, a sinatura do "recibí" da persoa interesada ou representante debidamente autorizado. Noutro caso xustificarase mediante xiro postal con acuso de recibo, letra de cambio – ou documento que legalmente a substitúa- ou transferencia bancaria.

2.- No relativo ás nóminas de persoal deberá xustificarse, mediante dilixencia do funcionario competente a prestación dos respectivos servizos que se retribúen, así como a sinatura do "recibí" pola persoa interesada, salvo que o pago se efectúe por transferencia bancaria.

**Base 20ª.-** **PAGOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA..-**

1.- No caso de que no momento de expedirse e executarse a orde de pago non se poidan presenta-los documentos que acrediten a prestación do servizo, estes pagos terán o carácter de "a xustificar", debendo de aplicarse ós respectivos créditos do Orzamento.

2.- Soamente poderán efectuarse "pagos a xustificar" nas seguintes ocasións:

a. Cando o importe a xustificar non sobrepase da cantidade de mil cincocentos euros (1.500 euros).
b. Que non sexan destinados a "Operacións de Capital".
c. Que o preceptor non teña pendente de xustificar cantidade algunha polo mesmo concepto.
d. Que non se destinen a atender gastos de xustificar de modalidade periódica, os cales terían a consideración de "anticipos de caixa fixa".

3.- Estes perceptores quedarán obrigados a xustifica-la aplicación das cantidades recibidas por este concepto, no prazo máximo de tres meses e, en todo caso, antes da finalización do exercicio, reintegrando as cantidades non invertidas.

4.- As persoas que reciban "Anticipos de Caixa Fixa" renderán contas polos gastos atendidos con ditos anticipos, a medida que as súas necesidades de tesourería aconsellen a reposición dos fondos utilizados, os cales deberán ser xustificados na forma que se indique polo Pleno do Concello.

**Base 21ª.-** **PAGOS DE SUBVENCIÓN.-**

Para o abono ou outorgamento de subvencións ou axudas económicas será aplicable a Lei de Subvencións 38/2003. Para que se poidan conceder subvencións polos órganos competentes con cargo ao orzamento será indispensable acreditar polos perceptores estar ao corrente das obrigas fiscais coa entidade que as concede, debendo xustificarse documentalmente no prazo establecido e mediante a presentación dos documentos que o acrediten suficientemente. Efectuado o pago sen previa xustificación e vencidos os prazos establecidos os perceptores das subvencións deberán reembolsalas cantidades.

Poderanse conceder subvencións de forma directa conforme ao artigo 28 da Lei 38/2003 en todos aqueles casos que por definición do obxecto das subvencións ou polo carácter singular das mesmas se acredite o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas nas que se xustifique a dificultade da súa convocatoria pública.

**Base 22ª.-** **GASTOS DE LOCOMOCIÓNS, DIETAS E INDEMNIZACIÓNS. HORAS EXTRAORDINARIAS-**

1.- Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostos pola Corporación, no caso de utilización do vehículo propio, farase efectivas as seguintes cantidades; se se trata de membros da Corporación, a razón de 0.21 Céntimos de Euro por quilómetro percorrido. No caso de funcionarios e persoal laboral estarase ao que dispoña, en casos similares, para os funcionarios do Estado.

2.- No que respecta ás dietas, as correspondentes ó Sr. Presidente e demais membros da Corporación, por traslado **fóra da Provincia 80,00 euros/día**, ou **fóra da Comunidade Autónoma satisfaranse a razón de 160,00 euros/día.** Se o traslado é **dentro da provincia aboarase 60,00 Euros /día**. As dietas liquidaranse mediante unha declaración do alcalde no que conste a hora de saída e de chegada que motivou a dieta.

As relativas a funcionarios e persoal laboral, rexeranse polas normas establecidas para os funcionarios do Estado.

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

3.- O cargo de Alcalde- Presidente da Corporación desempéñase en réxime de dedicación parcial, coas seguintes retribucións:

| **CARGO** | **RETRIBUCIÒNS SALARIAIS ANUAIS** | **COTA PATRIMONIAL ANUAL** |
|---|---|---|
| Alcalde Presidente | 20.000,00 | 5.371,20 |

4.- No que se refire a indemnizacións, os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán, por asistencia ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno local e as Comisións Informativas de que formen parte, as seguintes cantidades:

| CONCEPTO | CONTÍA |
|---|---|
| Asistencia Plenos | 80,00 €/Sesión |
| Asistencias Xunta de Goberno local e calquera outro órgano colexiado | 60,00 €/Sesión |

5.- As indemnizacións a satisfacer faranse efectivas mediante a presentación dos xustificantes polos conceptos que correspondan ou a través de declaración xurada polos interesados.

6.- O Persoal Funcionario ou Laboral polos traballos realizados fóra da xornada normal de traballo terá dereito a percibir as compensacións económicas correspondentes.

A autorización de traballos extraordinarios e o recoñecemento de compensacións económicas axustarase ao seguinte PROCEDEMENTO:

a) Informe de Fiscalización

b) Acordo da Alcaldía

O valor da hora extraordinaria será a contía establecida no convenio colectivo ou estatuto que lle sexa de aplicación a cada posto. En caso de non estar contemplada o valor da hora extraordinaria será o **valor hora ordinaria incrementada no 50%.**

**BASE 23ª.- CONTRATOS MENORES.**

a. Nos contratos menores por importe inferior ou igual a 1.500 € requirirase a tramitación dun expediente no que se acredite a documentación seguinte:

- Factura conformada pola persoa traballadora e concellería responsable..
- No caso dos contratos de obras, ademais, Orzamento da Obra e no seu caso, proxecto e informe de supervisión.
- Documento RC que acredite a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente, firmado pola Intervención.

b. Nos contratos menores que superen os 1.500 € requirirase a tramitación dun expediente no que se acredite a documentación seguinte:

- Solicitude de tres orzamentos, quedando excluídos casos excepcionais de exclusividade.
- Documento RC que acredite a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.
- Proposta de gasto no modelo normalizado no Anexo I.
- Acordo do órgano competente de aprobación do gasto e adxudicación. Deberá recollerse, na súa parte dispositiva, os seguintes extremos:
  - ➢ Descrición do gasto
  - ➢ Contratista (Denominación social, NIF/CIF)
  - ➢ Prezo do contrato
  - ➢ Forma de pago
  - ➢ Duración do contrato
  - ➢ Aplicación orzamentaria
  - ➢ Prescricións técnicas aplicables a obra, servizo ou subministro.
- Factura conformada pola persoa traballadora e concellería responsable.
- No caso dos contratos de obras, ademais, Orzamento da Obra e no seu caso, proxecto e informe de supervisión.

c. Os contratos menores non poderán ter duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga, nin de revisión

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

de prezos.

No suposto de que un contrato menor quedase deserto pola non presentación ou pola presentación defectuosa das ofertas poderase volver a sacar invitando a tres novos licitadores ou dando publicidade a través da PCSP para que se poida presentar calquera licitador.

d. A execución de gastos mediante contrato menor respectará, en todo caso, os límites máximos cuantitativos e cualitativos establecidos na lexislación vixente.
e. En todo caso o contratista deberá acreditar a capacidade para contratar coa Administración.
f. Queda prohibido todo fraccionamento do gasto que teña por obxecto eludir os trámites e contías do contrato maior.

**Base 24ª.-** **GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL.-**

1.- A autorización e compromiso de gastos de carácter plurianual subordinaranse ao crédito que en cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos, segundo dispón o artigo 79.2 do real Decreto 500/1990, de 20 do Abril.

2.- Poderán adquirirse compromisos de gastos con carácter plurianual sempre que a súa execución se inicie dentro do exercicio corrente e que, ademais, se encontren nalgún dos casos seguintes:

a. Inversións e Transferencias de Capital.
b. Os demais contratos e os de subministros, de consultoría, de asistencia técnica e científica, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de arrendamento do equipos non habituais das entidades locais, sometidos ás normas da Lei 9/2017, polo que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.
c. Cargas financeiras das débedas desta Entidade.
d. Transferencias correntes que se deriven de Convenios subscritos polas Corporacións Locais con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro.

O número de exercicios posteriores a que poidan aplicarse os gastos dos apartados a), b), i e) non será superior a catro anos.

Asemade, nos casos incluídos nos parágrafos a) e e), o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ó crédito correspondente do ano en que a operación se comprometeu as seguintes porcentaxes: no exercicio inmediato seguinte, o 70 por cento, no segundo exercicio o 60 por cento, e no terceiro e cuarto, o 50 por cento.

A xestión dos gastos de carácter plurianual axustarase ó disposto nos artigos 85 e 88 do real decreto 500/1990.

Nos casos excepcionales a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno da corporación, poderá ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentajes referidas.

**Base 25ª.-** **ACUMULACIÓN SIMULTÁNEA DE FASES DE GASTO.-**

1.- Poderán acumularse vairas fases de execución do orzamento de gastos, das enumeradas no artigo 52 do Real Decreto 500/1190, de 20 do Abril, nun so acto administrativo, producindo os mesmos efectos que se ditas fases se acordaran en actos administrativos separados, podéndose dar os seguintes casos:

a. Autorización – disposición
b. Autorización- disposición- recoñecemento da obriga.

2.- As referidas acumulacións serán factibles nos seguintes supostos:

Sempre nos gastos de carácter ordinario que se produzan regular e periodicamente, os que correspondan a liquidacións de obrigas derivadas de compromisos legalmente contraídos, e nos gastos que expresamente permita á Lei.

3.- O órgano competente para acordalo será a Alcaldía – Presidencia, o Pleno ou a Xunta de goberno Local, segundo as atribucións que lle confiren as Leis e as delegacións efectuadas.

**Base 26ª.-** **FISCALIZACIÓN DE INGRESOS.-**

Como norma de carácter xeral serán fiscalizadas e contabilizadas pola Intervención, tódalas propostas de actos de xestión, liquidación ou recadación de ingresos, debendo ser autorizadas pola Alcaldía ou aprobadas polo Pleno da Corporación, segundo os casos.

**Base 27ª.-** **ACTOS DE XESTIÓN RELATIVOS ÓS INGRESOS.-**

Deberá producirse a fiscalización previa para a súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes casos:

a. Devolución de Ingresos.

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

b. Concesión de exencións, baixas ou bonificacións, sen prexuízo do que dispón o artigo 77.2, do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais.

c. Aprazamento ou fraccionamento dos ingresos.

d. Aprobación de Padróns, listas cobratorias e cargos a recadadores e cobradores.

e. Liquidación de tributos periódicos.

f. Imposición, modificación ou supresión de taxas impostos, e prezos públicos así como as súas respectivas ordenanzas.

- Operacións de crédito e de tesourería.

**Base 28ª.-** **XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DE INGRESOS.-**

1.- En relación cos actos de xestión, liquidación e recadación de ingresos, observaranse as seguintes prescricións:

g. Unha vez aprobados os Padróns, as listas cobratorias e prego de cargo, remitiranse á Intervención para ser fiscalizados, quedando os recibos e matrices ou copias en poder da Tesourería.

h. Finalizados os prazos de ingresos en voluntaria, pola Tesourería se relacionarán os valores en recibo impagados e as certificacións de descuberto, cuxas relacións pasarán á Deputación de Lugo para ser providenciadas de apremio e segui-lo procedemento de cobro en vía executiva.

i. Os ingresos que se efectúen directamente en tesourería, segundo a liquidación que previamente se teña formulado, realizaranse mediante a correspondente orde de ingreso, ou talón de cargo, librándose a correspondente carta de pago ou recibo xustificante do ingreso.

2.- Polo que respecta ás autoliquidacións, o ingreso terá a condición de "a conta" do que resulte da liquidación definitiva que ó efecto se formule posteriormente.

**Base 29ª.-INGRESOS PROVINTES DE SUBVENCIÓNS E OUTROS.-**

Os recursos que se refiran a subvencións procedentes doutras entidades, así como os de dereito privado e os relativos a operacións de crédito, para financiamento de obras ou servizos, deberán ser xustificados previa e fehacentemente e non poderán ser aplicados a atencións distintas daquelas para as que foron destinados.

Estes ingresos afectados só poderán destinarse a unha finalidade distinta cando se conte con autorización expresa das persoas ou entidades que teñan efectuado o ingreso.

**Base 30ª.-SALDOS DE DUBIDOSO COBRO (DEREITOS PENDENTES DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN)**

Aos efectos de cálculo de remanente de Tesourería consideraranse dereitos pendentes de difícil ou imposible recadación, os seguintes:

a) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación minoraranse nun 25 por cento.

b) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos do exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación minoraranse nun 50 por cento.

c) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto a quinto anteriores ao que corresponde a liquidación minoraranse nun 75 por cento.

d) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos dos restantes exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación minoraranse nun 100 por cento.

En calquera caso, a consideración dun dereito de difícil ou imposible recadación non implicará a súa anulación nin producirá a súa baixa en contas.

**Base 31ª.- FACTURA ELECTRÓNICA.**

Facendo uso da habilitación legal contida no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, se exclúe da obriga de facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 5.000 € e ás emitidas polos provedores aos servizos no exterior das Administracións Públicas ata que ditas facturas podan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción en ditos servizos.

**Base 32ª. - FUNCIÓN INTERVENTORA.**

a. **Fiscalización e intervención previa limitada:**

1. O órgano interventor limitarase a comprobar os requisitos básicos seguintes:

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

a) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer. Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financian son executivos, acreditándose coa efectiva materialización do ingreso ou a existencia de documentos fehacientes que acrediten a súa efectividade. Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 del TRLRHL. Entenderase que o crédito é adecuado cando financie obrigas a contraer ou nacidas e non prescritas con cargo á tesourería da entidade local cumprindo os requisitos dos artigos 172 e 176 do TRLRHL.

b) Que as obrigas ou gastos xeranse por órgano competente. En todo caso comprobaranse a competencia do órgano de contratación ou concedente da subvención, cando dito órgano non teña atribuída a facultade para a aprobación dos gastos de que se trate.

c) O resto de extremos adicionais que estean vixentes por acordo do Consello de Ministros na fiscalización e intervención previas de requisitos básicos

a. **Fiscalización de ingresos.**

Substitúese a fiscalización previa de dereitos e ingresos polo control inherente á toma de razón en contabilidade, non sendo de carácter obrigatorio, conforme ao acordado no apartado seguinte, a realización das actuacións de comprobación posteriores previstas no art. 219.4 TRLRHL ao enmarcarse dentro da función de control financeiro.

C. **Réxime de control simplificado**

O Concello de Pedrafita do Cebreiro acollese ao réxime de control interno simplificado conforme ao establecido nos artigos 39 e 40 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se exercerá a función interventora pero non sendo obrigatoria a función de control financeiro, sen prexuízo da aplicación da auditoría de contas nos supostos previstos no artigo 29.3.A) do Regulamento 424/2017 e de aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal

**Base 33º. DISPOSICIÓNS FINAIS**

PRIMEIRA.- Os orzamentos do Concello, unha vez aprobados definitivamente, teñen efectos de 1 de Xaneiro de 2023 segundo o artigo 21.6 do real Decreto 500/1990.

SEGUNDA.- Para o non previsto nestas Bases estarase ó disposto con carácter xeral pola vixente Lexislación local, pola Lei Xeral Orzamentaria, Lei tributaria e demais normas do Estado que sexan aplicables, así como o que resolva a Corporación previo informe de Intervención.

TERCEIRA.- O Presidente da Corporación é o Órgano Competente para a interpretación das presentes Bases, previo informe da Secretaría- Intervención, segundo as súas respectivas competencias.

**Anexo I**

| |
|---|
| **PROPOSTA DE CONTRATO MENOR**<br>**Contratos de SUBMINISTRACIÓNS INFERIORES a 15.000 €**<br>**Contratos de SERVIZOS INFERIONES a 15.000 €**<br>**Contratos de OBRAS INFERIORES a 40.000 €** |
| **OBXECTO DO CONTRATO QUE SE PRETENDE REALIZAR:** |
| **NECESIDADE DE CONTRATACIÓN:** |
| **ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DAS PRESTACIÓNS: (de ser procedente)**<br><br>**CONDICIÓNS PARA AS PRESTACIÓNS SOLICITADAS E VALORADAS PARA ELIXIR A MELLOR OFERTA:** |
| **As empresas ás que se solicitaron orzamentos para a tramitación do procedemento de referencia, así como as ofertas presentadas polas mesmas, son as seguintes: (cando o importe sexa superior a 5.000 euros se acompañarán 3 orzamentos)** |

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

| **EMPRESA** | **CIF** | **IMPORTE SEN IVE** | **OUTRAS CONDICIÓNS** |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| **NON SE APORTAN TRAS ORZAEMNTOS POR: (cubrir só no caso de presentar unha única oferta)** | | | |
| **XUSTIFICACIÓN DE QUE NON SE ALTERA O OBXECTO DO CONTRATO PARA EVITAR AS REGRAS DA CONTRATACIÓN:** | | | |
| **PRAZO DE DURACIÓN OU DE EXECUCIÓN:** | | | |

E polo que se propón a adxudicación do contrato de……………………………………………………………………………a favor da empresa ........................................................................................................................ ………………, con CIF …………………………………… por importe de ........................................... , ao que se engadirán………………… ………………….. en concepto de IVE ( %) o que ascende a un total de ………………………………..euros.

Pedrafita do Cebreiro, ….. de ……. 20….

O ORGANO DE CONTRATACIÓN
Asdo.: O ALCALDE

Asdo.: Jose Luis Raposo Magdalena

**CERTIFICACIÓN DE EXISTENCIA DE CRÉDITO:**
Existe crédito adecuado e suficiente:

- **Aplicación orzamentaria:**
- **Código de proxecto:**
- **Importe imputable ao orzamento:**

Lugo, …… de ........... de 20….
A Secretaria Interventora

Asdo.: María García Ferro

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

**DISPOSICIÓNS FINAIS**

PRIMEIRA.- Os orzamentos do Concello, unha vez aprobados definitivamente, teñen efectos de 1 de Xaneiro de 2023 segundo o artigo 21.6 do real Decreto 500/1990).

SEGUNDA.- Para o non previsto nestas Bases estarase ó disposto con carácter xeral pola vixente Lexislación local, pola Lei Xeral Orzamentaria, Lei tributaria e demais normas do Estado que sexan aplicables, así como o que resolva a Corporación previo informe de Intervención.

TERCEIRA.- O Presidente da Corporación é o Órgano Competente para a interpretación das presentes Bases, previo informe da Secretaría – Intervención.

Pedrafita do Cebreiro, 17 de decembro de 2022.- O ALCALDE, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3780

---

## VIVEIRO

*Anuncio*

Finalizado o periodo de exposición pública da modificación da Ordenanza n.º 44 do Concello de Viveiro, segundo o que se estipula no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario polo que se procede á publicación do texto íntegro do mesmo, entrando en vigor ao día seguinte á súa publicación definitiva no BOP.

**ORDENANZA FISCAL NUMERO 44**

**REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DO SERVIZO DO CENTRO DE ATENCIÓN DE PRIMEIRA INFANCIA NO CONCELLO DE VIVEIRO**

Este Concello, conforme ao autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e de acordo co previsto nos artigos 15 a 19 e 20.3.L) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e siguendo o establecido no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, regula o prezo público do servizo do centro atención á primeira infancia deste Concello, que se rexirá pola anterior Lei e polo disposto na presente ordenanza.

**Artigo 1.Obxecto.**

Apróbanse as contías dos prezos públicos correspondentes aos servizos prestados nas no centro de arención primeira infancia de Viveiro. Os prezos públicos establecidos no anexo actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xuño anterior, mediante resolución, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, da Secretaría Xeral de Política Social.

**Artigo 2. Suxeitos obrigados.**

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta nos centros sinalados no artigo anterior, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

**Artigo 3. Pagamento.**

1. O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 5 desta ordenanza, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.

2. No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

3. Salvo o disposto no artigo 5 deste decreto, a falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

4. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa exixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

**Artigo 4.Regras e definicións para a determinación do importe que se vai pagar.**

Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento dos prezos públicos determinados no anexo deste decreto, teranse en conta as especificacións recollidas no dito anexo. Para os efectos da aplicación do anexo, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legal- mente e:

i. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

ii. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

iii. Os/as fillos/as maiores de dezaoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base impoñible xeral coa base impoñible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presen- tación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización á Administración con competencia en materia de escolas infantís 0-3 para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce

Artigo 5. Suspensión temporal da cota.

1. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 2 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anual da/onena/o.

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

2. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 2 non terán a obriga de aboar a cota correspondente ao servizo de comedor no seguinte suposto:

a) Cando por causa debidamente xustificada a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro.

Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión da cota correspondente a este servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante a/o xefa/e territorial correspondente, que resolverá sobre a procedencia da exención.

Nos casos de suspensión temporal da cota correspondente ao servizo de comedor, o pagamento correspondente ao mes de reincorporación realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que a/o xefa/e territorial acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo dos dez días naturais seguintes á notificación da resolución denegatoria.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Suspender a aplicación da presente ordenanza con efectos 1 de setembro de 2022 ao amparo do establecido na Orde o 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420D).

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 4 de outubro de 2022, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva no "Boletín Oficial da Provincia", permanecendo en vixencia ata a súa modificación ou derrogación expresa.

ANEXO

1. Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada de 6 horas, en horario de mañá ou tarde, no centro de atención á primeira infancia fíxase en 120 € mensuais. Se fose en xornada completa, 8 horas en horario de mañá ou tarde, o prezo será de 160 €.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

2. Prezo por servizos complementarios.

f) Servizo de comedor.(De ser ocaso).

O prezo por este servizo fíxase en 70 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4 € por día.

O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

g) Horario ampliado.

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súanecesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 20 €.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

3. Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

Para aplicar o prezo público deste servizo definíronse 8 tramos de renda tomando como referencia o IPREM en vigor, sendo os valores establecidos na seguinte táboa:

| RENTAS PER CÁPITA POR TRAMOS | ATENCIÓN EDUCATIVA XORNADA DE 6HORAS | ATENCIÓN EDUCATIVA XORNADA COMPLETA | COMEDOR DE SER O CASO |
|---|---|---|---|
| < AL 30% IPREM | 0 € | 0 € | 0 € |
| 30%-49% IPREM | 0 € | 0 € | 16,50 € |
| 50%-74% IPREM | 25 € | 33 € | 16,50 € |
| 75%-99% IPREM | 49 € | 66 € | 25 € |
| 100%-124% IPREM | 80 € | 106 € | 35 € |
| 125%-149%IPREM | 94 € | 126 € | 50 € |
| 150%-200% IPREM | 104 € | 139 € | 60 € |
| > AL 200% IPREM | 120 € | 160 € | 70 € |

4. Descontos.

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

c) A partir do segundo fillo e sucesivos matriculados pertencentes a mesma unidade familiar un desconto do 100 por cento.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas. Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

B)Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

Viveiro, 14 de decembro de 2022.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3734

## XERMADE

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN NÚMERO 1 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE XERMADE**

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 10/11/2022, aprobou inicialmente a Modificación número 1 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Xermade.

No Boletín Oficial da Provincia nº 259 do 12/11/2022 foi publicado o anuncio de aprobación inicial, abríndose un prazo de vinte días hábiles para presentación de alegacións, reclamacións ou suxerencias.

Ao non presentarse reclamacións, enténdese definitivamente aprobada a Modificación número 1 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Xermade.

Contra a aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo poderá interponerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo, no prazo de dous meses. Previamente cabe interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acordo no prazo dun mes.

En cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia, publicase o texto íntegro da Modificación número 1 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Xermade:

**A) PERSOAL FUNCIONARIO**:

| POSTOS | CD | ESCALA | SUBESCALA | CATEGORIA | CE (€) | GRUPO/ SUBGRUPO | FORMA PROVISIÓN | TIPO DE POSTO | CODIGO POSTO | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **AREA DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA E ECONÓMICA** | | | | | | | | | | |
| Secretaría-Intervención | 26 | Hab. Nacional | Secretaría-Intervención | Terceira | 21.684,50 | A/A1 | C | S | FHN-01 | FEE1<br>ED1<br>AP2 |
| Aux. Administrativo rexistro e augas | 16 | Admón Xeral | Auxiliar | --- | 7.711,90 | C/C2 | C | S | AUX-01 | AP1<br>FEE3<br>Penosida de Dispoñibilidade<br>*A extinguir* |
| Aux. Administrativo padrón e contabilidade | 16 | Admón Xeral | Auxiliar | --- | 3.623,55 | C/C2 | C | S | AUX-02 | AP1 |
| Aux. Administrativo urbanismo e contratación | 16 | Admón Xeral | Auxiliar | ---- | 3.623,55 | C/C2 | C | S | AUX-03 | AP1 |

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Auxiliar Administrativo adscrito/a ao rexistro | 12 | Admón Xeral | Auxiliar | ---- | 3.000,00 | C/C2 | C | NS | AUX-04 | AP1 |
| Administrativo/a adscrito/a a rexistro, padrón, contabilidade e recadación | 18 | Admón Xeral | Administrativa | ---- | 5.000,00 | C/C1 | C | S | ADM-01 | AP1 FEE 3 |
| Administrativo/a adscrito/a a urbanismo, medio ambiente e contratación | 18 | Admón Xeral | Administrativa | ---- | 5.000,00 | C/C1 | C | S | ADM-02 | AP1 FEE 3 |
| **AREA DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES** | | | | | | | | | | |
| Técnico/a de traballo social | 20 | Admón Espec | Técnica | Media | 7.350,69 | A/A2 | C | S | SSF-01 | FEE2 AP1 |
| Educador/a familiar | 18 | Admón Espec | Técnica | Media | 6.315,35 | A/A2 | C | S | SSF-02 | AP1 |
| Auxiliar Biblioteca | 16 | Admón especial | Auxiliar | --- | 3.623,55 | C/C2 | C | S | AUXB-01 | AP1 |
| Técnico desenvolvemento local e emprego | 18 | Admón especial | Técnica | Media | 8.437,76 | A/A2 | C | S | TLE-01 | FEE2 ED2 AP2 Substitución FHN |
| Responsable da biblioteca | 18 | Admón especial | Servizos Especiais | ---- | 5.000,00 | C/C1 | C | S | BIBL-01 | AP1 FEE 3 |
| **AREA DE OBRAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS** | | | | | | | | | | |
| Técnico/a de urbanismo, medio ambiente e obras | 22 | Admón especial | Técnica | ----- | 7.360,96 | A/A1 | C | S | TMA-01 | Xornada parcial (60%) FEE1 AP2 |
| Operario/a de servizos mútiples | 14 | Admón especial | Servizos Especiais | ---- | 4.855,86 | C/C2 | C | NS | SM-01 | Penosidade Dispoñibilidade |
| Operario/a de servizos mútiples | 14 | Admón especial | Servizos Especiais | ---- | 4.855,86 | C/C2 | C | NS | SM-02 | Penosidade Dispoñibilidade |

Xermade, 14 de decembro de 2022.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3735

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

*Anuncio*

**Aprobación definitiva da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos**

O Pleno da Corporación aprobou inicialmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos na sesión ordinaria celebrada o 11 de agosto de 2022. Publicouse anuncio no BOP nº 191 o 22 de agosto de 2022, sen que se presentaran alegacións no prazo de exposición pública.

O Pleno da Corporación acordou a imposición da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos na sesión ordinaria celebrada o 13 de outubro de 2022. Publicouse anuncio no BOP nº 244 o 25 de outubro de 2022, sen que se presentaran alegacións no prazo de exposición pública.

En consecuencia, enténdese definitivamente aprobada a ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos, publicándose o seu texto íntegro, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do abril, facendo constar que contra a aprobación definitiva da ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da data de publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia.

"**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.**

**Preámbulo**

A tenor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e o artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 57, 15 e seguintes, do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e artigos 20 e seguintes do mesmo texto normativo, en especial o artigo 24.1 do propio corpo normativo, regúlase mediante a presente Ordenanza Fiscal a **Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos** conforme ao réxime e ás tarifas que se inclúen na presente ordenanza resultantes dun Informe técnico económico preceptivo cuxo método de cálculo e parámetros previstos no mesmo foron declarados conforme a dereito polo Tribunal Supremo citándose, ao efecto, as sentencias 2708/2016 [Recurso de Casación 1117/2016]; n.º2726/2016 [Recurso de Casación 436/2016]; n.º 49/2017 [Recurso de Casación 1473/2016], n.º489/2017 [Recurso de Casación 1238/2016], n.º 292/2019 [Recurso de Casación núm. 1086/2017], n.º 308/19 [Recurso de Casación 1193/2017], n.º 1649/2020 [Recurso de Casación 3508/2019], n.º 1659/2020 [Recurso de Casación 3099/2019], n.º 1783/2020 [Recurso de Casación 3939/2019] e n.º 275/2021 [Recurso de Casación 1986/2019], entre outras, que validan este modelo de Ordenanza e fixan o contido e esixencias da mesma.

**ARTIGO 1º**.- ÁMBITO DE APLICACIÓN: Veñen obrigados ao pago da taxa que regula a presente ordenanza todas as persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís, comunidades de bens e demais entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que se beneficien de calquera modo do aproveitamento especial do dominio público local coas especificacións e concrecións do mesmo que se dirán, ou que veñan desfrutando de ditos beneficios.

A aplicación da presente ordenanza refírese ao réxime xeral, que se corresponde coa taxa a satisfacer establecida no artigo 24.1.a), do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo aproveitamento especial do dominio público local, nas que non concorran as circunstancias de ser empresas subministradoras de servizos de interese xeral que afecten á xeneralidade o a unha parte importante da veciñanza e que ocupen o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, circunstancias previstas para o artigo 24.1.c).

**ARTIGO 2º.**-FEITO IMPOÑIBLE: Constitúe o feito impoñible da taxa, conforme ao artigo 20 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004, o aproveitamento especial do dominio público local no solo, subsolo e voo, con:

**Instalacións de transporte de enerxía con todos os seus elementos indispensables que, aos meros efectos enunciativos, defínense como caixas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalacións ou liñas propias de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, gas, auga ou outros subministracións enerxéticos, instalacións de bombeo e demais elementos análogos que teñan que ver coa enerxía e que constitúan aproveitamentos do dominio público local non recollidos neste apartado.**

**Instalacións de transporte de gas, auga, hidrocarburos e similares.**

O aproveitamento especial do dominio público local producirase sempre que se deban empregar instalacións das referidas que materialmente ocupan o dominio público en xeral.

Aos efectos da presente ordenanza enténdese por dominio público xeral todos os bens de uso, dominio público ou servizo público que estean no termo municipal así como os bens comunais ou pertencentes ao común de veciños, exceptuándose por elo os denominados bens patrimoniais.

Anuncio publicado en: Num BOP 290 año 2022 (21/12/2022 08:00:00)

**ARTIGO 3º.**-<u>SUXEITOS PASIVOS.</u>

Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que desfruten ou aproveiten o dominio público local.

Principalmente, serán suxeitos pasivos desta taxa coas categorías e clases que se dirán, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que teñan a condición de empresas ou explotadores dos sectores de auga, gas, electricidade e hidrocarburos, sempre que desfruten ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos previstos nos artigos 20 e seguintes da Lei de Facendas Locais tales como as empresas que producen, transportan, distribúen, subministran e comercializan enerxía eléctrica, hidrocarburos (gasodutos, oleodutos e similares) e auga, así como os seus elementos anexos e necesarios para prestar o servizo neste Concello o en calquera outro lugar pero que aproveitan, afectando coas súas instalacións, o dominio público local.

**ARTIGO 4º.**-<u>BASES, TIPOS E CUOTAS TRIBUTARIAS</u>. A regulación das taxas da presente ordenanza será a seguinte:

Constitúe a cota tributaria a contida nas tarifas que figuran no anexo, conforme ao previsto no artigo 24.1.a) do TRLHL, polo aproveitamento especial do dominio público local.

O importe das taxas previstas por dito aproveitamento especial do dominio público local fíxase tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, coma se os bens afectados non fosen de dominio público, adoptados á vista dun informe técnico-económico no que se poñe de manifesto o valor de mercado. Dito informe incorpórase ao expediente para a adopción do correspondente acordo, conforme se establece no artigo 25 do RDL 2/2004 en vigor.

A tal fin e en consonancia co apartado 1.a) do artigo 24 da Lei reguladora das Facendas Locais, atendendo á natureza específica do aproveitamento especial, resultará unha cota tributaria correspondente para elementos tales como torres, soportes, postes, tuberías, liñas, condutores, repetidores, etc., que se asentan e atravesan bens de uso, dominio ou servizo público e bens comunais e que en consecuencia, non tendo os suxeitos pasivos a propiedade sobre os terreos afectados, minguan sen embargo o seu aproveitamento común ou público e obteñen sobre os mesmos un aproveitamento especial para a súa propia actividade empresarial.

A Cota Tributaria resultará de calcular, en primeiro lugar, a Base Impoñible que ven dada polo valor total da ocupación, solo e instalacións, dependendo do tipo de instalación, destino e clase que reflexa o estudio, á que se lle aplicará o tipo dispositivo que recolle o propio estudo en atención ás prescricións das normas sobre cesión de bens de uso e dominio público, de modo que a cota non resulta dun valor directo de instalacións e ocupacións, que é o que constitúe a Base Impoñible, senón do resultado de aplicar a esta o tipo impositivo.

A tal fin, e conforme á esixencia do Tribunal Supremo nas Sentencias, por todas, a de 3 de decembro de 2020, que motivan esta ordenanza, establécense en atención á xustificación do Estudo, dous tipos impositivos diferentes en atención á intensidade do uso do dominio público local:

